

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0052	Mantemento mecánico preventivo do vehículo	2022/2023	0	80	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ELEUTERIO JOSÉ LÓPEZ PÉREZ, RAMÓN SÁNCHEZ SÁNCHEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza operacións de mantemento básico do motor e dos seus sistemas auxiliares, analiza os seus principios de funcionamento e xustifica as actuacións de mantemento requiridas.
RA2 - Realiza operacións de mantemento básico nos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, e analiza a súa misión, as súas características e o seu funcionamento.
RA3 - Efectúa pequenas operacións de mantemento básico na instalación eléctrica e diagnostica os seus compoñentes principais.
RA4 - Verifica o estado operativo do vehículo e o seu equipamento, e relaciona a detección de avarías simples coa técnica de reparación.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as clases de motores e as súas partes.
CA1.2 Describiuse o funcionamento e as características dos motores.
CA1.3 Describiuse o funcionamento da distribución.
CA1.4 Diferenciáronse os tipos de aceites.
CA1.5 Explicáronse os compoñentes do sistema de refrixeración.
CA1.6 Describiuse o funcionamento dos sistemas de alimentación, escape e arranque.
CA1.7 Descríronse as avarías máis frecuentes do motor.
CA2.1 Descríronse as características e o funcionamento da transmisión.
CA2.2 Enumeráronse os elementos e os tipos da suspensión.
CA2.3 Describiuse o sistema de dirección e o seu funcionamento.
CA2.4 Descríronse as avarías máis frecuentes relacionadas cos sistemas de transmisión e rodaxe.
CA2.5 Determinouse o estado dos pneumáticos (debuxo, presións, etc.), os seus tipos e usos, e os compoñentes das rodas.
CA2.6 Identifícanse e describíronse os conxuntos máis significativos do sistema de freada.
CA2.7 Enumeráronse as operacións de mantemento dos sistemas de transmisión e de forza, e dos trens de rodaxe.
CA2.10 Realizouse e xustificouse o procedemento de cambio de rodas.
CA2.11 Formalizáronse os documentos das operacións de mantemento realizadas.
CA2.12 Descríronse e aplicáronse os procedementos de prevención de riscos laborais.
CA3.1 Descríronse as principais magnitudes eléctricas e as súas unidades de medida.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.3 Descríbense os sistemas auxiliares do vehículo.
CA3.7 Descríbense e aplicáronse os procedementos de prevención de riscos laborais.
CA3.9 Formalizáronse os documentos de operacións de mantemento.
CA4.3 Descríbense as principais avarías das partes e dos mecanismos do vehículo de xeito básico.
CA4.7 Valorouse a importancia do mantemento periódico do vehículo para o seu correcto funcionamento.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza operacións de mantemento básico do motor e dos seus sistemas auxiliares, analiza os seus principios de funcionamento e xustifica as actuacións de mantemento requiridas.
RA2 - Realiza operacións de mantemento básico nos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, e analiza a súa misión, as súas características e o seu funcionamento.
RA3 - Efectúa pequenas operacións de mantemento básico na instalación eléctrica e diagnostica os seus compoñentes principais.
RA4 - Verifica o estado operativo do vehículo e o seu equipamento, e relaciona a detección de avarías simples coa técnica de reparación.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.8 Substituíronse elementos básicos do circuíto de refrixeración (radiador, termóstato, manguitos, etc.), comprobouse a ausencia de fugas e aplicáronse os pares de aperto establecidos.
CA1.9 Realizouse a substitución dos filtros do vehículo (de aire, de aceite, de gasóleo, etc.).
CA1.10 Substituíronse as correas de servizo segundo as especificacións de fábrica.
CA2.8 Comprobouse o nivel e o estado dos fluídos do vehículo.
CA2.9 Realizáronse os cambios de fluídos segundo o plan de mantemento do vehículo.
CA3.2 Identificouse o sistema de carga e arranque.
CA3.4 Verificouse a correcta alimentación dos equipamentos e dos elementos do habitáculo asistencial.
CA3.5 Verificouse o funcionamento dos sinais acústicos e luminosos.
CA3.6 Montáronse e desmontado elementos eléctricos do vehículo, faros, lámpadas, fusibles, motores do limpaparabrisas e as súas gomas, etc.
CA3.8 Comprobouse o funcionamento do sistema eléctrico reparado.
CA4.1 Verificouse o estado de operatividade do vehículo.
CA4.2 Realizáronse as operacións de mantemento preventivo básico do vehículo e do seu equipamento segundo o plan establecido.

Criterios de avaliación do currículo

CA4.4 Aplicáronse procedementos básicos para detectar avarías do vehículo.

CA4.5 Identificáronse os equipamentos e os elementos que interveñen no sistema de comunicación do vehículo.

CA4.6 Adoptáronse os procedementos de actuación e resolución axeitados en caso dunha determinada avaría do vehículo.

CA4.8 Respectáronse as normas ambientais durante a posta a punto e a reparación do vehículo, e clasificáronse os residuos para o seu tratamento.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles estarán relacionados cas UD's da programación de rexime modular, de forma que será necesario....

Identifica os distintos tipos de motores utilizados nos vehículos e os seus elementos constructivos.

Coñece o funcionamento e as características dos diferentes motores

Coñece o circuito de lubricación do motor.

Identifica os compoñentes do circuito de lubricación e coñece o seu funcionamento

Realiza a substitución de elementos básicos do circuito de refrixeración

Determina a necesidade de mantemento ou reparación do circuito de lubricación e do circuito de refrixeración.

Coñece a misión e o funcionamento da suspensión e os principais tipos de suspensions.

Coñece os elementos que constitúen os principais tipos de suspensión.

Sabe realizar a inspección da suspensión e coñece o seu mantemento

Determina o estado dos neumáticos, os seus tipos e usos, e os compoñentes das rodas.

Coñece as distintas operacións de mantemento e reparación de unha roda e do seu neumático (equilibrado, reparación, reesculturado e recauchutado).

Revisa o estado das rodas e realiza o seu mantemento.

Sabe realizar o cambio de rodas do vehículo.

Identifica o tipo de transmisión que montan os vehículos.

Coñece as características e o funcionamento da transmisión e dos seus elementos.

Identifica as principais avarías relacionadas cos sistemas da transmisión.

Identifica os lubricantes utilizados nos sistemas de transmisión.

Identifica os principais elementos do sistema de freos e coñece o seu funcionamento.

Sabe a importancia do sistema antibloqueo de freos, do programa electrónico de estabilidade e dos sistemas de control de tracción.

Realiza o mantemento do sistema de alumeados

Desmonta e monta distintos elementos eléctricos no vehículo; faros, lámpadas, pilotos, escobillas de limpiaparabrisas, etc.

Determina a necesidade do mantemento ou reparación dos sistemas eléctricos auxiliares do vehículo.

Realiza a comprobación o mantemento da batería.

Coñece as principais avarías e o mantemento básico do circuito de carga e do circuito de arranque.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada una das probas, teoría e práctica. Para pasar a proba práctica ten que superar a teórica previamente.

Para poder facer a media o alumno debe sacar como mínimo un 5 en cada una das partes da proba. A nota final do exame será a media das distintas probas.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Constará de un exame tipo test(teórico) cunha puntuación de 0 a 10 puntos, no que o alumno demostre os coñecementos mínimos do módulo. O test consta de 50 preguntas, nas cales as ben contestadas terán un valor de 0.2 puntos , penalizando as mal contestadas 0.1 puntos e sin penalizar as non contestadas

Será necesario un mínimo de 5 puntos para a superación da proba.

De non superarse esta proba non poderá acceder ao examen tipo práctico

4.b) Segunda parte da proba

Os alumnos que superaron a parte teórica, realizarán un exame práctico de cada unha das U.D das que se divide o Módulo, e na que se valorará de 1 a 10 puntos aspectos tales como: utilización de documentación, proceso de traballo, funcionamento, tempo empregado, medidas de seguridade e hixiene. Memoria das prácticas.

Será necesario acadar un mínimo de 5 puntos para a superación da proba